

CIRCULAR 36-2016

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os assembleistas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO DE GALICIA DE CLUBS CADETE

Ferrol, 7 de Maio do 2016

Art.1) A Federación Galega de Atletismo a través da súa Delegación de Ferrol organizará o **sábado 7 de Maio** o Campionato de Galicia de Clubs Cadete de pista ao aire libre.

Art.2) Poderán tomar parte no mesmo os Clubs e atletas da categoría cadete pertencentes á Federación Galega de Atletismo.

Art.3) Cada club estará representado por un atleta en cada proba e cada atleta poderá participar en 2 probas individuais ou 1 proba individual e un relevo. Os atletas poderán facer dúas probas individuais ou 1 proba individual e un relevo. En caso de carreiras só unha poderá ser superior a 300m.

Art.4) O prazo de pre-inscripción para os equipos interesados en participar rematará o día **22 de Abril**. Estes equipos deberán remitir un email á FGA direcciontecnica@fgatletismo.com notificando o seu desexo de participar comprometéndose a cumprir dita participación. Posteriormente deberán facer a inscrición definitiva a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 do martes 3 de Maio do 2016.

EQUIPOS PARTICIPANTES

CADETE MASCULINO	CADETE FEMENINO
Agrupación Viguesa Atletismo Club Universidade de Santiago Ría Ferrol C.A. Narón Millaraio Riazor Coruña Sociedad Gimnástica de Pontevedra Atletismo Cuntis Coruña Comarca Franciscanos	C.A. Narón Agrupación Viguesa Atletismo Club Universidade de Santiago Lucus Caixa Rural Ría Ferrol Vila de Cangas Millaraio Riazor Coruña Sociedad Gimnástica de Pontevedra Beade Cuntis Club Atletismo Sada Atletismo femenino Celta

Art.5) Respeto ao nº de actuacións de atletas de clubs asociados aplicarase a normativa da RFEA (máximo 6 participacións).



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



Art.6) Realizarase unha clasificación por equipos onde existirá un campión **masculino** e outro **feminino**.

Art.7) O programa de probas a disputar será o seguinte:

Homes:

100, 300, 600, 1.000, 3.000, 100v (0,91), 300v (0,84), 1.500 m.Obstác (0,762), ALTURA, LONXITUDE, TRIPLE, PERTEGA, PESO (4kg), DISCO (1kg), XAVALINA (600g), MARTELO (4kg), 3.000 marcha, 4x100 e 4x300 m.

Mulleres:

100, 300, 600, 1.000, 3.000, 100v (0,762), 300v (0,762), 1.500 m.Obstác, ALTURA, LONXITUDE, TRIPLE, PERTEGA, PESO (3kg), DISCO (800g), XAVALINA (500g), MARTELO (3kg), 3.000 marcha, 4x100 e 4x300 m.

Art.8) O sistema de puntuación establecerase outorgando ao primeiro atleta N puntos, sendo N o número de equipos participantes; ao segundo N-1; ao terceiro N-2 e así sucesivamente. O equipo que obteña maior número de puntos proclamarase Campión Galego e así sucesivamente. En caso de empate analizarase os primeiros postos conseguidos para establecer o campión. En caso de persistir o empate serán analizados os segundos postos, etc.

Art.9) Para que un Club poida tomar parte deberá cubrir un mínimo de 14 probas

Art.10) O Delegado oficial de cada Club poderá efectuar un máximo de 5 trocos na composición do seu equipo ata 10 minutos antes do peche de cámara de chamadas.

Art.11) Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, no peito, agás na pértega, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.12) Os atletas disporán de catro intentos nos concursos agás nos saltos verticais. Non haberá cambio de orde do terceiro o carto intento.

Art.13) Alturas dos listóns:

Colocarase á altura máis baixa das solicitadas polos atletas e permitida pola instalación. As cadencias publicaranse co horario definitivo e inscritos.

Art.14). O sorteo de calles e orden de actuación nos concursos realizarase na FGA e comunicado ós clubs unha vez rematado o prazo de pre-inscrición.

Art.15) Horario provisional do Campionato:

HORARIO DO CAMPIONATO DE GALICIA CADETE-JUNIOR EQUIPOS				
MAÑAN				
3000 marcha	JUNIOR H-M	10.15	Martelo 3-4 Kg	MULLERES
		10.30	Triplo	HOMES
3 000 marcha	CADETE H-M (PIT LANE)	10.35		
3.000	HOMES	11.00		
3.000	MULLERES	11.10		



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



		11.15	Altura	MULLERES
			Pértiga	HOMES
400 valados 0,914	HOMES	11.30		
300 valados 0,84	HOMES	11.40	Martelo 6-4 kg	HOMES
			Peso 3-4 kg	MULLERES
300 valados 0,762	MULLERES	11.50		
400 valados 0,762	MULLERES	12.00		
1.000	MULLERES	12.10	Triplo	MULLERES
1.000	HOMES	12.18		
100	HOMES JUNIOR	12.25		
100	MULLERES JUNIOR	12.35		
100	HOMES CADETE	12.45		
100	MULLERES CADETE	12.55	Disco 1kg-800 gr	MULLERES
			Peso 6-4 kg	HOMES
400	MULLERES	13.05		
400 .	HOMES	13.15		
300	MULLERES	13.25		
300	HOMES	13.35		
4 X 100	MULLERES	13.45		
4 X 100	HOMES	13.55		
TARDE				
800	HOMES	16.30	Disco 1.750-1 kg	HOMES
800	MULLERES	16.40		
600	HOMES	16.50	Lonxitude	MULLERES
600	MULLERES	17.00	Pértiga	MULLERES
			Altura	HOMES
110 valados 0,990	HOMES JUNIOR	17.10		
100 valados 0,914	HOMES CADETE	17.25		
100 valados 0,84	MULLERES JUNIOR	17.40		
100 valados 0,762	MULLERES CADETE	17.55		
1.500	MULLERES	18.05	Xavalina 600-500 gr	MULLERES
1.500	HOMES	18.12		
		18.15	Lonxitude	HOMES
200	HOMES	18.20		
200	MULLERES	18.30		
2.000 Obstáculos 0,914	HOMES	18.45		
2.000 Obstáculos 0,762	MULLERES	18.55		
1.500 Obstáculos 0,762	HOMES	19.10		
1.500 Obstáculos 0,762	MUJERES	19.20	Xavalina 800-600 gr	HOMES
4 x 300	MULLERES	19.30		
4 x 300	HOMES	19.40		
4 x 400	MULLERES	19.55		
4 x 400	HOMES	20.10		

HORARIO LÍMITE SAÍDA PISTA (deberán presentar DNI ou calquer documento con foto)

Carreiras	10 m.	antes hora oficial da proba	
Carreiras valadas	15 m.		"
Concursos (agás pértega)	30 m.		"
Pértiga	45 m.		"

*Cámara de chamadas 10m antes da saída á pista

* Os atletas terán a obriga de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír ca camiseta na man o gardada.

* A homologación de artefactos de lanzamento pechará 1h antes do horario da súa proba.

Art.16) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orden, as normas da F.G.A., R.F.E.A e I.A.A.F.

A Coruña, 8 de Abril do 2016



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral FGA